

**INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA NA SINATURA DO PROTOCOLO
ENTRE O MINISTRO DE FOMENTO E A XUNTA DE GALICIA SOBRE O
DESENVOLVEMENTO DA ALTA VELOCIDADE**

Santiago, 21 de xullo de 2009.-

É evidente que as persoas distorsionamos a linguaxe ata reducir a simples fórmulas diplomáticas o que deberían ser frases reservadas a xornadas coma esta. Hoxe é un día histórico para Galicia.

Un día no que transmitimos á cidadanía unha forma distinta de facer política, baseada na unión de esforzos.

Un día histórico se a este pacto lle seguen nos anos vindeiros actitudes certas e feitos palpables.

Un día histórico nun escenario histórico: esta Praza do Obradoiro, cun simbolismo sen parangón en Galicia que inspira este acordo institucional ó máximo nivel.

Inspíranos aqueles canteiros que deron nome a esta praza e que, sen dúbida, son exemplo de constancia e de traballo duro.

E inspíranos a propia funcionalidade desta Praza, meta de miles e miles de peregrinos.

A peregrinaxe cara este Pacto do Obradoiro que asinamos hoxe comezou hai algo máis dun mes: inspirados tamén por esa máxima de Jean Monnet de que *“nada é posible sen as persoas, pero nada é duradeiro sen as institucións”*.

Partindo, pois, sobre todo dunha convicción: a de entender que a única obriga dos poderes públicos é cos cidadáns; e que debemos defender ningunha outra cousa que o interese xeral.

Penso que ese espírito que remata neste Pacto do Obradoiro presidiu:

As conversas entre o presidente do Goberno e eu mesmo o pasado 15 de xuño, no que decidimos pasar das vacilacións as concrecións.

Presidiu tamén o encontro posterior entre os que hoxe asinamos este acordo.

Presidiu o traballo de precisión feito polo conselleiro de Política Territorial e polo ministro de Fomento, a quen lle quero facer un agradecemento expreso por estar aquí hoxe e por darlle forma a este pacto, primeira fase deste novo camiño.

Un acordo institucional ó máximo nivel que compromete a dous Gobernos:

- O Goberno de España, que garante prazos e presupostos para a posta en marcha da alta velocidade en Galicia en tempo e forma.
- E a Xunta de Galicia, que cumpre coa súa obriga de manter un espírito construtivo e leal co Estado, ademais da súa labor vixiante para que se cumpra a palabra dada.

Penso que de aquí podemos extraer a primeira conclusión:

Con vontade política é posible desbloquear primeiro e blindar despois a alta velocidade en Galicia en pouco máis dun mes.

En segundo lugar, quero chamar a atención sobre a MAGNITUDE DESTE ACORDO, que soamente conta cun precedente en Galicia:

Vinte anos despois do pacto entre Felipe González e Manuel Fraga para impulsar as autovías ...

... e do pacto posterior suscrito polo ex presidente da Xunta e ministro Javier Sáenz Cosculluela

- Suscribimos outro protocolo vital para a modernización de Galicia tras un acordo entre o presidente Zapatero e a Xunta de Galicia...

... que agora asinamos o ministro de Fomento mais eu mesmo.

Creo que esto demuestra que el Gobierno de España y el ministro saben que nuestras peticiones no son un capricho sino una oportunidad que no podemos dejar pasar.

Que Galicia no puede perder este tren porque perdería el tren del progreso.

Creo que para Galicia y para España era imprescindible que diésemos un paso como este.

Imprescindible para que los gallegos superen su lógico desencanto con la evolución de las infraestructuras pendientes en Galicia.

Por tanto, este protocolo reconoce el interés general que siempre hemos defendido y la obligación del Estado de tomarse en serio el AVE gallego

Este protocolo es un reconocimiento a la justicia de las demandas de Galicia: de un pueblo que no quiere más que los demás, pero tampoco menos.

Este é un logro sobre todo al espíritu crítico e inconformista de los gallegos.

El inconformismo de los gallegos tiene hoy una respuesta satisfactoria en forma dun acuerdo escrito que Galicia necesitaba para recuperar la confianza nas institucións

En terceiro lugar e non menos importante, estamos ante un exemplo de colaboración e de respecto institucional.

Un acordo no que suscribimos un modelo de lealdade e de diálogo produtivo.

Un acordo que da carácter contractual á unha folla de ruta certa e realista para o AVE galego.

Asumimos a realidade actual de Galicia:

Asumimos os anos de retraso.

E dispoñémonos a dar garantías de blindaxe con inversións e prazos nun acordo escrito e nunha comisión de seguimento que fiscalice o cumprimento efectivo deste Pacto do Obradoiro.

Non queremos que 2015 se converta no novo 2012 e, por iso, o acordo non é para o 2015, senón para o 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015.

Non é un acordo por unha data, senón un acordo polo día a día. Con:

- PRAZOS MÍNIMOS E INVERSIÓN MÁXIMA.
- TRANSPARENCIA completa sobre o estado de inversións e obras.
- FISCALIZACIÓN a través da Comisión de Seguimento.
- E coa garantía de que nin unha soa cidade e nin unha soa das infraestruturas pendentes deberá ser considerada secundaria.

No mapa do futuro, cabe toda Galicia, sen excepción.

A Galicia que une, que suma esforzos, que non abandona nin un só territorio e a nin unha soa persoa, está xa máis preto.

Este pacto do obradoiro diríxenos, sen volta atrás, cara a Galicia cidade única.

Así, este acordo institucional, inclúe:

PRAZOS.

Prazos de inicio:

- En 2009, estarán licitadas obras de plataforma de tres tramos entre Zamora e Lubián, outros tres entre Lubián e Taboadela, e varias actuacións no Eixo Santiago-Ourense e no Eixo Atlántico.
- En 2010, todos os tramos da alta velocidade estarán licitados.
- En 2011, estarán licitadas as estacións do AVE de Santiago, Vigo e A Coruña e axilizarase o proxecto da de Ourense...

... e así sucesivamente ata cumprir:

Os prazos de finalización: realistas e razoables, sempre que non se abandone o esforzo e o compromiso.

PRESUPOSTOS: 4.678 millóns de euros en dous anos.

E CAPACIDADE DE FISCALIZACIÓN E CON TRANSPARENCIA para que o 2015 non volva ser outra data que non chega. Así, a comisión de seguimento analizará a evolución do AVE:

Con carácter cuatrimestral, presidida polo conselleiro e polo secretario de Estado de Infraestruturas.

Con carácter anual: presidida polo ministro e por min mesmo.

Conseguimos, en definitiva, un acordo formal, solemne e maduro que trascende aos gobernos actuais e que obriga aos futuros executivos por enriba das siglas.

E que traza unha folla de ruta:

Sen vacilacións.

Que soamente mira atrás para aprender da experiencia.

E que ten como único horizonte avanzar na realización dun dos proxectos máis estratéxicos para Galicia.

A este salto cualitativo do Estado, que asume e afronta a realidade galega, a Xunta responde con lealdade.

Con lóxica coherencia, a Xunta conclúe coa mesma forza que denunciou no pasado os incumprimentos do Estado con Galicia, que hoxe é un día de compromiso.

E coa mesma lóxica coherencia, a Xunta aplaudirá que o Estado cumpra a literalidade deste protocolo coa mesma forza que denunciará incumprimentos, que, esta vez confiamos que sexa o que non chegue.

Por eso, el Ejecutivo estatal puede tener la certeza de que en la Xunta de Galicia encontrará siempre la mano tendida y nuestra constante lealtad:

Entendiendo que la lealtad tiene que ser recíproca y la síntesis de fidelidad, verdad y realidad.

- FIDELIDAD: Confiamos en que el nuevo ministro tenga con Galicia un comportamiento axiomático, afectuoso e indeleble para poder recuperar el tiempo perdido.
- VERDAD: Confiamos en que el nuevo ministro establezca un diálogo permanente con Galicia basado en exactitudes: no en aproximaciones, imprecisiones y mucho menos quimeras.
- Y, finalmente, REALIDAD: porque sólo habrá una prueba de que las relaciones entre la Xunta y Fomento progresan adecuadamente: las máquinas trabajando y la paulatina apertura de las infraestructuras pendientes.

Esta Praza do Obradoiro, cruce de camiños, serve hoxe de punto de partida para a peregrinaxe conxunta que comezamos Xunta e Estado.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA